

CECILIA BONET

VOLUNTARIA DE AFAGA ALZHEIMER



'O voluntariado axúdache a ter unha actitude positiva cara ás demais persoas'

COMUNICACIÓN AFAGA

- **Como chegaches á Asociación Afaga?**

- Cheguei xa hai tres anos. Foi a través da Oficina de Voluntariado da Xunta de Galicia. Segundo o meu perfil e as miñas preferencias, remitíronme a Afaga.

- **Que che motivou a facerte voluntaria?**

- O principal motivo era estar activa. Eu son psicóloga e trasladeime a vivir a España coas miñas fillas, pero ao non traballar nin facer nada, sentíame mal. Por iso busquei algo no que puidese ser útil e que puidese chegar algo da miña experiencia e formación.

- **Que é o que máis che gusta do que fas?**

- O traballo con persoas cunha demencia, aínda que ao principio pode parecer complicado, é moi reconfortante. Porque as persoas, tal e como ti trátes -se lle das conversación, mantés contacto visual, achégaste pero sen invadir o seu espazo- así responden eles. Polo xeral, a estimulación positiva, é dicir, reforzar non reprender ou recriminar, dá moi bo resultado coas persoas que teñen unha enfermidade neurodexenerativa.

- **Que significa ser voluntaria?**

- A min faime sentir útil, porque axudo e apoio a persoas que teñen unha situación complicada por unha enfermidade. E tanto as persoas enfermas, como os familiares e, por suposto, os profesionais de Afaga agradecen moito todo este apoio que damos a través do voluntariado. O voluntariado é moi positivo, favorece o teu desenvolvemento persoal, axúdache a ter unha actitude positiva cara ás demais persoas.

- **Crees que son necesarias as entidades como Afaga?**

- Evidentemente, son necesarias porque fan un gran labor social. No caso de Afaga, o apoio que presta ás persoas enfermas e ás familia é enorme. As familias enfróntanse a unha situación que cambia toda a súa vida e a súa organización e iso fai que nas familias, ás veces, se formen conflitos onde en realidade non os hai. Neses casos, o único que se pode facer é aceptar a situación e chegar solucións, e unha organización como Afaga axuda esas familias en ambos os aspectos.